| | – Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes).<br>– Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.<br>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.<br>– Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. | | | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB3.3. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB3.4. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB3.5 | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB3.6. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB3.7. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB3.8. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | Bloque 4. Produción de textos escritos: expresión e interacción | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i | ▪ B4.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación:<br>– Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.). | ▪ B4.1<br>▪ B4.2.<br>▪ B4.3<br>▪ B4.4.<br>▪ B4.5. | ▪ PLEB4.1 | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB4.2. | ▪ CCL |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | – Localización e uso adecuado dos recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).<br>– Execución:<br>– Elaboración dun borrador.<br>– Estruturación do contido do texto.<br>– Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.<br>– Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.<br>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.<br>– Apoio e aproveitamento ao máximo dos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).<br>– Revisión:<br>– Identificación de problemas, erros e repeticións.<br>– Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.<br>– Reescritura definitiva.<br>– Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra adecuado, uso normativo de maiúsculas e minúsculas, etc.). | ▪ B4.6.<br>▪ | | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB4.3 | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB4.4. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB4.5. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB4.6. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB4.7. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB4.8 | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i<br>▪ o | ▪ B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación<br>– Sons e fonemas vocálicos.<br>– Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.<br>– Procesos fonolóxicos básicos.<br>– Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración.<br>▪ B5. 2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:<br>– Uso das normas básicas de ortografía da palabra.<br>– Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.<br>▪ B5. 3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:<br>– Recoñecemento e uso de convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; e linguaxe non verbal. | ▪ B5.1.<br>▪ B5.2.<br>▪ B5.3.<br>▪ B5.4.<br>▪ B5.6.<br>▪ B5.7. | ▪ PLEB5.1. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | – Achegamento a aspectos culturais visibles próximos aos seus intereses (música, traballo, lecer, deportes, produción escrita, lugares, organización política, etc.) e a costumes, valores, crenzas e actitudes máis relevantes para facer comprensible con carácter xeral a cultura dos países falantes da lingua estranxeira.<br>– Identificación das similitudes e as diferenzas máis significativas nos costumes cotiáns, e uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.<br>– Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>▪ B5.4. Plurilingüismo:<br>– Recoñecemento da realidade plurilingüe do propio contorno.<br>– Recurso aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira e lograr unha competencia comunicativa integrada.<br>– Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.<br>▪ B5.5. Funcións comunicativas:<br>– Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais.<br>– Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades.<br>– Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de sucesos futuros.<br>– Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.<br>– Expresión do coñecemento, a certeza, a dúbida e a conxectura.<br>– Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.<br>– Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.<br>– Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.<br>– Establecemento e mantemento da comunicación e organización do discurso.<br>▪ B5.6. Léxico oral escrito de uso común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.<br>– Recoñecemento e uso de expresións fixas, enunciados fraseolóxicos (saúdos, despedidas, preguntas por | ▪ B5.8.<br>▪ B5.9. | | |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | preferencias e expresión de opinións) e léxico sobre temas relacionados con contidos doutras áreas do currículo.<br>– Recoñecemento e uso de antónimos e sinónimos máis comúns, e de procedementos de formación de palabras mediante recursos de derivación e de composición, e recoñecemento de "falsos amigos".<br>▪ B5.7. Recoñecemento e uso de rutinas ou modelos de interacción básicos, segundo o tipo de situación de comunicación.<br>▪ B5.8. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma. | | | |

## Grao mínimo de consecución de cada estándar

- *Present Simple* e *Present Continuous*
- *Past Simple*
- *Past Continuous*
- *Past Continuous* vs *Past Simple*
- *Used to*
- *Present Perfect Simple*
- *Present Perfect Simple* vs *Past Simple*
- *Passive Voice: Present* e *Past*
- *Future Tenses: predictions, plans and arrangements*
- *Conditional Tenses: 1$^{st}$ and 2$^{nd}$*
- *Reported Speech*
- *Relative Pronouns*
- *Some / any compounds*
- *Modal Verbs*
- *Comparison of adjectives*
- *Too…. / (not) …. Enough*

- Comprensión da idea xeral e as informacións específicas máis relevantes de textos orais, emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais, sobre diversos temas de relevancia, de interese cultural e de asuntos cotiáns, sempre que se produzan con claridade e a unha velocidade normal.

- Comunicación oral: realización de presentación orais, participación en conversas e en simulacións sobre temas coñecidos e que se traballan na aula, sempre utilizando as estratexias comunicativas axeitdadas para facilitar a continuidade da comunicación e producindo un discurso comprensible, e que se axusta a cada situación e á intención comunicativa.

- Identificación da idea xeral, e a extracción de información específica de textos escritos adecuados á idade e á capacidade do alumnado, con apoio de elementos textuais e non textuais, sobre temas relacionados co contido a tratar en cada unidade, respondendo a preguntas, identificando información verdadeira, falsa ou que non aparece no texto, completando frases, resumindo o texto, entre outras.

- Redación de textos breves en diferentes soportes utilizando as estructuras, as funcións e o léxico adecuados, así como algún elementos máis complexos de cohesión, a partir de modelos, e respetando as regras de ortografía e de puntuación.

- Léxico, fonética, fórmulas e expresións correspondentes ao contido de cada unha das unidades.

## Elementos Transversais

Son os recollidos no Decreto 86/2015:

- A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica.

- O desenvolvemento da igualdade efectiva entre os distintos xéneros e sexos, a prevención da violencia de xénero, contra persoas con discapacidade, persoas con orientación sexual diversa ou aquelas pertencentes a outras culturas, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal e/ou social.

- O espíritu emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

- Mellora da convivencia e a prevención de accidentes de tráfico, coa finalidade de que o alumnado coñeza os seus dereitos e os seus deberes como usuarios/as das vías.

## Instrumentos de Avaliación

- Ficha de rexistro personalizada, onde se anotan os resultados apreciados a partir da observación do alumnado na aula, a análise de tarefas, as intervención na aula, a corrección dos exercicios, que integra a información obtida e a valoración da mesma.

- Probais orais, desde presentación á aula, conversacións ou entrevistas.

- Redacións e probas escritas, que incorporan os resultados obtidos nas diversas actividades de avaliación que se integran no proceso educativo.

- Os proxectos realizados en cada avaliación.

- Rexistro de avaliación (assessment record), realizado pola profesora ao concluír cada unidade didáctica, que indica o nivel de logro dos criterios de avaliación programados obtido por cada alumno/a, integra tamén a información obtida e a valoración da mesma, así como o resultado conseguidos nas diversas actividades de avaliación realizadas e en calquera outra proba específica de avaliación que se aplicara.

- As rúbricas, tanto da profesora, como as que realicen o alumnado entre eles/as (peer review).

## Criterios de Cualificación

| | |
|---|---|
| **1º Avaliación** | Cálculo da nota da 1º avaliación:<br><br>- 50% proxecto + traballo en clase<br>- 50% proba escrita e oral |
| | Procedemento de recuperación da 1ª avaliación:<br>Como a avaliación é continua, a 1ª avaliación quedará aprobada unha vez que se aprobe a 2ª avaliación. |

| | | |
|---|---|---|
| **2º Avaliación** | Cálculo da nota da 2º avaliación:<br><br>- 50% proxecto + traballo en clase<br>- 50% proba escrita e oral |
| | Procedemento de recuperación da 2º avaliación:<br>Como a avaliación é continua, a 2ª avaliación quedará aprobada unha vez que se aprobe a 3ª avaliación. |
| **3º Avaliación** | Cálculo da nota da 3º avaliación:<br><br>- 50% proxecto + traballo en clase<br>- 50% proba escrita e oral |
| | Procedemento de recuperación da 3º avaliación:<br>A 3ª avaliación recuperarase de forma extraordinaria tendo en conta a nota acadada no exame (70%) e os traballos de reforzo (30%) |
| **Cualificación final** | Cálculo para obter a cualificación final de curso:<br>A nota final nunca será inferior a nota acadada na 3ª avaliación |
| **Alumnado de materia pendente** | Cálculo para obter a cualificación final de materia pendente:<br>O alumnado coa materia pendente poderá recuperala aprobando a 2ª avaliación do curso presente. De non ser así, deberán realizar unha proba global no mes de maio. |
| | Procedementos e instrumentos de avaliación:<br>Os alumnos terán a súa disposición traballos de reforzo educativo a ter en conta á hora da realización do exame global en maio. O exame contará o 70% e os traballos de reforzo presentados o 30% da nota total. |

**Avaliación Inicial.** Proba escrita e oral realizada ao comezo do curso para comprobar o nivel do alumnado da aula e poder xestionar os contidos tendo en conta os resultados desta proba.

**Avaliación Continua.** Ao longo do curso haberá tres avaliacións e a nota final de Xuño obterase do resultado do proceso de aprendizaxe do alumno. O progreso dos alumnos e a competencia lingüística adquirida será avaliado a

través das probas escritas e orais, a través da observación directa na aula e da participación do alumnado no desenvolvemento diario na aula.

**Probas Escritas.** Haberá como mínimo unha escrita no transcurso de cada unha das tres avaliacións, Esta proba poderá contar con exercicios de gramática, vocabulario, linguaxe funcional, *listening, reading* e *writing* para así poder avaliar as distintas destrezas.

**Proxecto.** Realizarase un proxecto por avaliación, no cal se incluirán as catro skills (*listening, speaking, writing* e *speaking*). Ademais tamén se traballarán aspectos léxicos e gramático-sintácticos. Este proxectos terán relación con aspectos socioculturais dos países de fala inglesa e con temas de actualidade e que lles poidan ser de interés ao alumnado.

**Atitude e Traballo.** Ademais da proba escrita e do proxecto, valoraranse os seguintes aspetcos no día a día na aula, aspectos que serán absolutamente indispensables para unha avaliación positiva—superior a cinco—na nota final de cada trimestre e na nota global do curso.

- **Atitude Positiva.** Valorarase a puntualidade na asistencia a clase do alumnado, a atitude de escoita, o respeto polo resto da clase e polas normas de funcionamento, o seguimento das instrucións da profesora e o interese pola asignatura.

- **Traballo na Aula.** Valorarase o uso de inglés na aula, a concentración nas distintas tarefas, a participación nas actividades da aula—xa sexa individualmente, en parellas ou por grupos—e traer o material á aula.

**Tarefas e Encomendados.** Valorarase a realización de todos aqueles traballos ou proxetos encomendados no día a día pola profesora, a puntualidade na entrega dos mesmos e o interese por cuidar a súa presentación.

## Secuenciación e Temporalización

O libro de texto *Teamwork 4 da editorial Burlington* consta de 9 unidades máis unha de introdución. As unidades quedarán distribuidas da seguinte maneira:

1. **Trimestre:** Introdución, Unidades 1, 2 e 3
   - **Introdución: repaso de contidos do curso anterior.**
   - **Unidade 1: Game Changers**
     - Vocabulario: History and Transport
     - Gramática: Past Simple and Used To
     - Reading: artículo

- Listening: podcast
- Speaking: talking about important people
- Writing: e-mail about a trip

- **Unidade 2: Going Global**
  - Vocabulario: cultures and travel
  - Gramática: past continuous, past simple vs past continuous
  - Reading: TV Review, blog post
  - Listening: conversations
  - Speaking: describing pictures, discussing travel plans
  - Writing: a narrative

- **Unidade 3: It's Our Planet**
  - Vocabulario: nature and environment
  - Gramática: present perfect simple, past simple vs present perfect simple
  - Reading: article, webpage
  - Listening: radio interview, discussion
  - Speaking: discussion
  - Writing: report about a problem

2. **Trimestre:** Unidades 4, 5 e 6

- **Unidade 4: The Way We Live**
  - Vocabulario: family, relationships, customs and traditions
  - Gramática: passive voice—present and past simple
  - Reading: webpage
  - Listening: interview
  - Speaking: invitations
  - Writing: description of a cultural event

- **Unidade 5: Mother Nature**
  - Vocabulario: weather and animals
  - Gramática: future tenses, $1^{st}$ and $2^{nd}$ conditional
  - Reading: a flyer, educational article
  - Listening: news report
  - Speaking: Q and A, speculations
  - Writing: a news report

- **Unidade 6: Trending Now**
  - Vocabulario: clothes, fashion, social media
  - Gramática: reported speech
  - Reading: web article, profiles
  - Listening: a radio report

    - Speaking: fashion choices and social media
    - Writing: opinion essay

3. **Trimestre:** Unidades 7, 8 e 9

- **Unidade 7: The Unexpected**
    - Vocabulario: urban landscapes, verbs
    - Gramática: relative clauses
    - Reading: entertainment guide
    - Listening: TV report, guided tours
    - Speaking: talk about yourself, check into a hotel
    - Writing: report about a place

- **Unidade 8: All In The Mind**
    - Vocabulario: memory, fears and phobias
    - Gramática: modals
    - Reading: magazine article
    - Listening: class discussion
    - Speaking: talking about abilities and health
    - Writing: a blog post
- **Unidade 9: Find Your Touch**
    - Vocabulario: talents, abilities and senses
    - Gramática: comparison of adjectives
    - Reading: webpage and article
    - Listening: radio interview, descriptions
    - Speaking: discussion
    - Writing: e-mail application

En todas as unidades se estudarán tamén aspectos relativos á fonética.

A temporalización dos contidos poderá verse alterada debido a que o número de sesións non se adapta normalmente ás programadas para o curso en cuestión, esto é: saídas, excursións, folgas, e outros tales eventos. A profesora decidirá qué contidos ou actividades seleccionar se se dera o caso.

Á máis neste curso tamén se leera un libro adaptado ao nivel do alumnado nesta lingua, o libro elixido para este curso é *Dracula* de Bram Stocker da editorial *Burlington Books.*

## Metodoloxía, Materiais e Recursos Didácticos

### *Metodoloxía*

O departamento seguirá o enfoque comunicativo. O uso dunha metodoloxía comunicativa permite ao alumnado desenvolver unha adecuada competencia en comunicación lingüística coa realización de distintas actividades da lingua (de xeito individual, por parellas ou en grupo) que abranguen a comprensión, a expresión, a interacción e a interpretación.

Con ese fin, o profesor/a axudaralle ao alumnado mediante a presentación previa de vocabulario, estruturas gramaticais, función e estratexias de comunicación que lles posibilite a realización das tarefas encomendadas (tanto orais como escritas). Aprender unha lingua é probablemente un dos maiores retos aos que se enfrontan os nosos alumnos/as e por iso é importante implicalos dun xeito activo no proceso de ensino, axudándolles a reflexionar sobre o propio proceso de adquisición da lingua e favorecer que se interesen por unha cultura e visión da vida diferente da súa.

A lingua inglesa preséntase a través de temas interesantes e próximos aos adolescentes. A súa práctica comeza con exercicios controlados e gradualmente desenvólvese mediante actividades máis libres e personalizables.

Tendo en conta a diversidade na aula, a profesora contará cunha ampla selección de materiais e recursos con diferentes niveis de dificultade, adaptando o material ás necesidade individuais do alumnado.

No caso de 4º ESO, tamén se traballará co enfoque por proxectos. Realizarase un proxecto por avaliación, no cal se tratarán temas relacionados tanto con países de fala inglesa como con temas que son de especial interese para o alumnado.

## *Materiais e Recursos*

- **2º de ESO** utilizarase o libro dixital ofrecido polo proxecto E-DIXGAL. A profesora tamén empregara o manual *New Action 2 da editorial Burlington.*

Profesora e alumnos/as desenvolverán a súa actividade educativa diaria nun entorno virtual de aprendizaxe que lles vai permitir acceder a contidos dixitais para 2º da ESO de dous proveedores: a editorial EDEBÉ e a empresa de contidos dixitais Netex.

Os docentes poden elaborar a súa propia “mochila dixital” seleccionando a través da plataforma dixital os contidos formativos e podendo incorporar os

materiais complementarios que desexen, así como os contidos de elaboración propia.

O alumnado pode acceder ao material seleccionado polo profesorado tanto a través dunha conexión a internet (modo online) como dende o seu netbook (modo offline). Deste xeito, garántese que o alumnado que non dispoña de conexión a Internet desde as súas casas, poidan seguir o curso sen dificultade. De feito, todo avance que realicen sen conexión será actualizado de maneira automática na plataforma en canto o netbook volva ter conexión de rede. Ó mesmo tempo, a profesora poderá utilizar diferentes manuais que se adapten ós contidos contemplados para este curso.

- **4º de ESO: Para o Estudante**

  ***Student's Book***
    - Unha unidade introductoria para repasar o vocabulario, a gramática, as estratexias de escritura e a linguaxe de clase básicas.
    - Nove unidades claramente estruturadas.
    - Inclúe nove cultural quizzes e collaborative projects
    - Tres seccións de repaso con exercicios de vocabulario e de gramática.
    - Contido cultural e interdisciplinar integrado nas actividades da unidade.
    - Exercicios de comprensión e de expresión orais por unidade.
    - Un apéndice de traballos por parellas
    - Exercicios de reforzo
    - Expansión de explicación gramáticas (Optional Grammar Extension)
    - Un apéndice de pronunciación (Pronunciation Appendix)
    - Lista de verbos irregulares
    - Apéndice de Proxetos Colaborativos

***Workbook***

- Unha unidade de introdución e nove unidades con exercicios graduados de vocabulario e de gramática, textos de lectura, exercicios de comprensión oral e diálogos para completar.

- Un glosario e unha lista de linguaxe funcional coa súa transcrición fonética e traducidos á lingua propia.

- Un apéndice gramatical coas explicación en lingua propia e exemplos bilingües.

- Unha lista de verbos irregulares traducidos á lingua propia.

- Unha guía de escritura con pautas paso a paso que facilitarán a autocorrección.

- Cadros de autoavaliación do estudante, na sección de *Learning Competences.*

***Language Builder* (combinado co *Workbook*)**

- Vocabulario e linguaxe functional clasificados por temas.
- Divertidas actividades para revisar e consolidar o vocabulario.

***Interactive Student***

- *Extra practice* por unidade.
- Exercicios de extensión por unidade.
- Videos
- *Dialogue builders:* práctica da linguaxe funcional mediante diálogos.
- *Extra audios*
- *Techno Help:* axuda e recursos para realizar as actividades.

***Wordlist Plus***

- Glosario interactivo con exercicios para practicar a ortografía e actividades de vocabulario e de pronunciación.

**Para a Profesora**

***Teacher's Manual***

- Unha sección de exames (Tests).
- Un exame de diagnóstico e follas de repaso.
- Un exame por unidade con varios niveis de dificultade.
- Tres exames trimestrais con varios niveis de dificultade.
- Dous exames finais.
- Exames de competencias clave.
- A clave de respostas.
- Follas de *extra practice*.
- Follas de actividades de extensión.
- As gravacións dos exercicios.

***Recursos dixitais para a profesora***

- As gravacións do *Workbook* e *Student's Book*.
- Clave de respostas do *Workbook* e *Student's Book.*
- Recursos para a *Smartboard*.
- Xerador de exames.
- Preguntas culturais e interdisciplinares.
- Ideas para proxetos colaborativos.

## Procedemento de Avaliación Continua

**Avaliación Inicial.** Proba escrita e oral realizada ao comezo do curso para comprobar o nivel do alumnado da aula e poder xestionar os contidos tendo en conta os resultados desta proba.

**Avaliación Continua.** Ao longo do curso haberá tres avaliacións e a nota final de Xuño obterase do resultado do proceso de aprendizaxe do alumno. O progreso dos alumnos e a competencia lingüística adquirida será avaliado a través das probas escritas e orais, a través da observación directa na aula e da participación do alumnado no desenvolvemento diario na aula.

**Probas Escritas.** Haberá como mínimo dúas proba escrita no transcurso de cada unha das tres avaliacións, Estas probas poderán contar con exercicios de gramática, vocabulario, linguaxe funcional, *listening, reading* e *writing* para así poder avaliar as distintas destrezas.

- Poderán a maiores realizarse cantas outras probas menores considere a profesora valorando o progreso das capacidades e os coñecementos

adquiridos polo alumnado en *speaking, writing, reading, listening,* vocabularios, verbos irregulares, entre outras.

**Atitude e Traballo.** Ademais das probas escritas, valoraranse os seguintes aspetos no día a día na aula, aspetos que serán absolutamente indispensables para unha avaliación positiva—superior a cinco—na nota final de cada trimestre e na nota global do curso.

- **Atitude Positiva.** Valorarase a puntualidade na asistencia a clase do alumnado, a atitude de escoita, o respeto polo resto da clase e polas normas de funcionamento, o seguimento das instrucións da profesora e o interese pola asignatura.

- **Traballo na Aula.** Valorarase o uso de inglés na aula, a concentración nas distintas tarefas, a participación nas actividades da aula—xa sexa individualmente, en parellas ou por grupos—e traer o material á aula.

**Tarefas e Encomendados.** Valorarase a realización de todos aqueles traballos ou proxectos encomendados no día a día pola profesora, a puntualidade na entrega dos mesmos e o interese por cuidar a súa presentación.

## Procedemento de Avaliación Extraordinaria

Terase en conta o traballo de reforzo (ata un 30%) e o exame (contando un 70%).

## Medidas de Atención á Diversidade

Ao principio de curso a profesora levará a cabo unha avaliación inicial que lle permitirá detectar por unha banda os/as alumnos/as con dificultades de aprendizaxe e, pola outra banda, aqueles/as alumnos/as que teñen coñecementos por encima do nivel esixido.

### *Alumnos/as con dificultades*

- En canto se detecten estas, a profesora poñerá en funcionamento as medidas máis axeitadas para o/a alumno/a; ben sexan actividades de reforzo na aula e fóra ou, se o desfase curricular fose grande, unha Adaptación Curricular, seguindo as instrucións do Departamento de Orientación do centro.

- Aos alumnos e alumnas que necesiten adaptacións curriculares, se lles facilitará material axeitado ao seu nivel e que estea relacionado co que os seus compañeiros de aula estean manexando. Concretamento, o Departamento acordou facilitarlles o libro '*Burlington Begginer's Material'*.

- Deste xeito os alumnos/as poderán traballar na aula, sempre baixo a supervisión da profesora, e tamén na casa facendo os deberes que a profesora estime conveniente, para a súa posterior corrección.

***Alumnos/as con coñecementos superior ó nivel esixido***

- A este tipo de alumnado ofreceráselles exercicios de extensión relacionados con todos os contidos e destrezas desenvoltas ao longo do curso, guiados/as e supervisados/as pola profesora do curso no que se atopen os alumnos/as. Isto contribuirá a potenciar as súas capacidades.

## Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes

Os alumnos pendentes poderán recuperar a materia seguindo as seguintes vías:

- Como a lingua estranxeira é unha materia de contidos progresivos e tamén unha área de avaliación continua desenvolvida ao longo de varios cursos, os alumnos e alumnas con inglés pendente poderán recuperar a materia cumprindo os contidos mínimos esixidos do curso seguinte. Así polo tanto, 1º da ESO pode recuperarse cumprindo os contidos mínimos de 2º, os de 2º cos de 3º e así sucesivamente. A tal fin, e antes de rematar o curso, **considerarase que o alumno/a recupera a materia se aproba a 1º e 2º avaliacións do curso actual.**
- Aqueles que non cumpran os contidos mínimos, Terán que realizar unha proba final global en Maio.
- O alumnado terá á súa disposición traballos de reforzo educativo. Na recuperación da materia influirá a súa evolución e actitude ao longo do curso actual.

- Haberá unha **convocatoria ordinaria en Maio e outra extraordinaria en Xuño** de exames de recuperación para todos/as aqueles/as que non optan por ningunha das medidas anteriores.

**Atención ao alumnado repetidor**

Medidas a tomar co alumnado repetidor: seguiranse as medidas establecidas no programa específico personalizado para o alumnado repetidor.

## Procedementos para avaliar a propia programación

Para realizar unha valoración axeitada da programación didáctica, teremos en conta os seguintes apartados:

***Elaboración e seguimento:***

- A programación é froito do traballo desenvolto no Departamento.
- Desenvolvemento da programación é coherente cos obxectivos definidos no proxecto educativo.
- Conten unha secuenciación adecuada de obxectivos, contidos e criterios de avaliación.
- Nas unidades didácticas selecciónanse as actividades axustándoas ao grupo clase.
- Os bloques de contidos teñen en conta os establecidos no ciclo e no nivel correspondentes.
- As unidades didácticas son secuenciadas temporalmente de acordo cos contidos de cada unha delas.

***Metodoloxía***

- Facemos uso de estratexias didácticas diversas para atender á diversidade do alumnado.
- Implícase ao alumnado no proceso de aprendizaxe.
- Desenrolo da práctica docente ten en conta a atención á diversidade.

- Partimos dos coñecementos previos do alumnado.

***Criterios de Avaliación***

- Valórase o traballo desenvolto polo alumnado na aula.
- Avalíase o proceso de aprendizaxe de maneira directa e a través dos cadernos de traballo.
- Establécense canles de actuación en función dos resultados da avaliación.
- A revisión e avaliación da programación didáctica faise cun alto grao de participación e consenso.
- As sesións de avaliación son suficientes e eficaces.
- Os resultados da avaliación deste programación teñen efectos sobre todo o Proxecto Educativo.